

# FIADDEIRO

17 DE MAIO

LETRAS GALEGAS 2000



D. MANUEL MURGUÍA

CEIP DE BELUSO

## ÍNDICE

- ❖ EDITORIAL
- ❖ MANUEL MURGUÍA
- ❖ A VIDA DE MURGUÍA
- ❖ NOTICIAS DE EDUCACIÓN INFANTIL
- ❖ ROMARÍAS DE GALICIA
- ❖ A ROMARÍA DE SANTIAGO DE ERMELO
- ❖ REFRÁNS, ADIVIÑAS...
- ❖ OS DEBUXOS DE CASTELAO VISTOS POR 5º B
- ❖ OFICIOS PARA UNHA LEMBRANZA: OS CESTEIROS
- ❖ AS ÁRBORES DAS NOSAS FRAGAS: O ACEBO
- ❖ POESÍAS
- ❖ CONTOS:
  - A ESPADA MÁXICA
  - ¡COMO CAMBIAN AS PERSOAS CANDO SON RICAS!
- ❖ ANIMAIS SALVAXES: O LOBO
- ❖ LAVADOIROS E FONTES ANTIGAS
- ❖ A TRAIÑA
- ❖ A SARDIÑA
- ❖ A PESCA DA SARDIÑA
- ❖ RECEITAS DE COCIÑA DA SARDIÑA
- ❖ MÚSICA
- ❖ DEPORTES
- ❖ PASATEMPOS





# EDITORIAL

*A Real Academia Galega decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas do 2000 a Manuel Murguía, o seu primeiro presidente e unha figura clave para a historia e para o rexurdimento da lingua e a literatura galegas.*

*Pese a ter feito o máis da súa produción en castelán, defendeu arreo a lingua galega. Amosouna como lingua independente, nun tempo en que aínda os galegos lle chamaban dialecto. Sostivo o principio de que a lingua é o signo indicador da nacionalidade.*

*Nós, os alumnos de 6º, despedímonos neste FIADEIRO do noso colexio coa conmemoración do Día das Letras Galegas dedicado a Manuel Murguía.*

*Como xa falta pouco para que acabe o curso, gustaríanos despedirnos de tódolos nenos e nenas máis pequenos, porque o pasamos moi ben con eles. Esperamos facer moitos amigos cando vaiamos para Bueu. A nós gustaríanos poder quedar outra vez aquí algún ano máis pero chegou a hora de deixarlle o sitio a outros.*

*A todos se nos pasou voando este curso. Ninguén quere marcharse porque aquí pasámolo moi ben e coñecemos a todos, pero...*

*Tampouco queremos esquecernos dos profesores que tanto nos axudaron durante todos estes anos que pasamos aquí. Para eles vai o noso agradecemento e dicirlles que os imos recordar sempre con moito cariño.*


*¡Ata sempre!. ¡Un abrazo para todos!.*



*Alumnos de 6º.*



# MANUEL MURGUÍA



Manuel Antonio Martínez Murguía naceu o 17 de maio de 1833 en Frosel-Oseiro (Arteixo.- A Coruña). Os seus pais eran Concepción Murguía Egaña, de orixe vasca, e Xoán Martínez de Castro, compostelán e farmacéutico de profesión.

Durante a adolescencia viviu algúns acontecementos que o marcarían profundamente na súa vida e na súa obra. Viu como na farmacia do seu pai en Santiago de Compostela morría un mozo que participara na batalla librada en Cacheiras o 23 de abril de 1846 entre as tropas de Solís e as tropas do xeneral Concha, mandado polo goberno de Madrid para eliminar ós sublevados. Os dous feitos que máis o marcaron foron o **pronunciamento progresista de Solís** e o **axustizamento dos mártires de Carral**, ámbolos dous unidos ó nacemento do galeguismo.

No ano 1847 fúndase o **Liceo da Mocidade** en Santiago, sociedade artística e recreativa, liberal e progresista, na que se xuntaron algúns dos máis salientables persoeiros da xeración nacida na década dos trinta, entre os que ademais de Murguía estaban Aurelio Aguirre, Antonio de la Iglesia, Francisco de la Iglesia, Luis Rodríguez Seoane e Eduardo Pondal.

En 1849 acada o título de bacharel en Filosofía, logo de estudar en Santiago de Compostela e en Ourense. En 1851 trasládase a Madrid para estudar Farmacia por desexo do seu pai. Os anos que pasa en Madrid son transcendentais na súa vida. Decide abandonar os estudos de Farmacia para dedicarse á actividade intelectual. Isto motivou o enfrontamento co seu pai, quen lle deixou de enviar cartos, aínda que o seu avó decide sostelo economicamente. Pronto atopa traballo como xornalista e viaxa a Galicia en varias ocasións.

A actividade xornalística non comezou ata 1856, cando empezou a colaborar nos xornais madrileños *La Iberia* e *Las Novedades*. En 1858 traballou no *Diario de La Coruña* e en 1862 no xornal vigués *La Oliva* e no seu sucesor *El Miño*. De regreso a Madrid, foi secretario de *La Crónica de ambos mundos* e colaborou en *El Contemporáneo* e *El Museo Universal*.

Gracias á súa participación na tertulia que animaba Carmen Lugín, curmá de Teresa de Castro (nai de Rosalía de Castro) en Madrid, relacionouse con Gustavo Adolfo Bécquer. Aínda que é posible que Murguía e Rosalía se coñecesen por amigos comúns do Liceo da Mocidade, foi nestas tertulias onde amigou con Rosalía. Murguía e Rosalía casaron o 10 de outubro de 1858 e tiveron sete fillos.

Por un decreto do goberno provisional revolucionario Murguía é nomeado Xefe do Arquivo de Simancas o 24 de novembro de 1868, comezando entón unha nova fase na súa traxectoria profesional, a de arquivista. Este feito é decisivo na súa formación como historiador. En 1870 conseguiu o traslado ó Arquivo Xeral de Galicia.

O golpe de estado do xeneral Pavía, en xaneiro de 1874, puxo fin á etapa progresista no goberno de España e o novo ministro de Fomento cesou a Murguía do seu cargo no Arquivo Xeral de Galicia en febreiro de 1875. Reincorporouse ó corpo de arquivistas en 1892 ingresando na biblioteca da Universidade de Santiago.

No ano 1885 é nomeado Cronista Xeral do Reino de Galicia a instancia da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela. Rosalía de Castro, que se refuxiara en 1884 na súa casa da Matanza (Padrón), morría o 15 de xullo de 1885.

## A SÚA OBRA

En 1888 publica *Galicia*, obra na que reclama os dereitos da nación galega. Para lograr este obxectivo reivindica o uso da lingua galega e esixe a recuperación das institucións políticas.

En 1891, durante a celebración dos Xogos Florais de Tui, fai un discurso de exaltación da lingua galega.

O activismo de Murguía a prol do rexurdir galego manifestouse na constitución en Santiago da **Asociación Rexionalista Galega** (1890-1894), unha organización política de carácter galeguista que integrou no seu seo as tres tendencias rexionalistas activas en Galicia: a corrente federalista, a tradicionalista e a liberal, liderada por Murguía.

En 1894 Murguía trasládase á Coruña e participa nunhas reunións duns grupos de intelectuais, entre os que se atopa Pondal. Este grupo coñecía-se co nome de **Cova Céltica**. Na Cova Céltica tiveron a súa orixe algúns dos acontecementos máis importantes para a formación e desenvolvemento do galeguismo, como a publicación da *Revista Gallega* (1895-1907), a fundación da **Liga Galega** (1897-1907) e da **Real Academia Galega** (4 de setembro de 1905), da que Murguía foi nomeado presidente.

O 2 de febreiro de 1923 morría **Manuel Antonio Martínez Murguía** na súa casa da Coruña.


Ademais de colaborar en varios xornais de Galicia e de Madrid, escribiu unha serie de libros, sobre todo de carácter histórico, xa que o seu traballo de arquivista lle facilitaba este tipo de información. Toda a súa produción está escrita en castelán, agás o discurso que pronunciou nos Xogos Florais de Galicia, celebrados en Tui no 1891, outros encol da figura de Pondal, varios poemas e quizais algunha outra cousa máis.

Entre as súas obras podemos destacar:

- Historia de Galicia (5 tomos).
- Luisa
- Desde el cielo
- Viaje pintoresco por la ría de Vigo.
- El castillo de Bayona de Galicia
- Mi madre Antonia
- De las guerras de Galicia en el siglo XV y de su verdadero carácter.
- Diccionario de Escritores Gallegos.
- El foro.
- Galicia.
- El arte en Santiago en el siglo XVIII.
- Los precursores.
- Los trovadores gallegos.
- Eduardo Pondal e a súa obra...

Da súa actividade poética consérvase só unha ducia de poemas dos que "*A nena das soidades*" (1854) é o primeiro texto que escribe en galego.

Manuel Rey Hermelo. 6º B.  
J. Roberto Valverde. 6º B.




### NENA DAS SOIDADES

*Nena das soidades  
¿De que te does?  
¿Son os teus tristes males  
Males de amores?*

*Dios non permita  
Que os amores son rosas  
Rosas e espiñas.*

*Eu tiña no meu peito  
Feitiño un niño,  
Puxen nel meus quereres  
¡Ai! e fuxiron.*

*¡Quen nos trouxera!  
Que desde eles me faltan  
Teño tristeza.*




# A VIDA DE MURGUÍA



Manuel Murguía naceu no ano 1833, na Coruña.



O seu pai era boticario




Escrebe a súa primeira novela en 1850: "*Desde el cielo*".



Casou con Rosalía de Castro o 10 de outubro de 1858.




Tiveron sete fillos.  
Era unha gran familia.



En 1865 escribe o primeiro tomo da *Historia de Galicia*.



En 1905 foi nomeado Presidente da Real Academia Galega.



Morre na Coruña en 1923.




Alumnos de 6º.

# TEMPO DE NOTICIAS

## O CROSS DO 2000

O DOMINGO 2 DE ABRIL FOI O CROSS.  
 MOITOS QUERIAMOS IR, PERO AS  
 NOSAS MAMAS NON NOS DEIXARON  
 PORQUE CHOVEU MOITO.  
 DA NOSA CLASE CORREMOS 4

UN SEÑOR DECIANOS:  
 PREPARADOS, LISTOS, XA:  
 DERONNOS COPAS E AGASALLOS  
 DESPOIS DERONNOS UNHA  
 CUCACOLA E UN IOGURT.



EDUCACIÓN INFANTIL

# BARRO

Un día antes de ver a  
mago, houbo un tempo que




facia barro.

Fixe un pinto, unha tarza e un tarrión;

faciao moi ben.

Nós fixemos un vaso co

leatro, estalea moi guira.



EDUCACION INFANTIL



# A CESTEIRA

Ó 6 DE ABRIL VEU SUSANA  
 A FACER CESTAS  
 METIA OS BIMBIOS  
 EN AUGA  
 E LOGO FACIA UNHA TRENZA  
 COS BIMBIOS.



## O PAN DOS PANADEIROS

O DIA 5 DE ABRIL FOMOS A FACER  
 O PAN  
 AMASARON CON FARIÑA, AUGA E  
 LEVADURA. COS MANS DE ROBOT  
 MOVIAN A MASA. DESPOIS  
 TIVEMOS QUE FACER O PAN. LOGO  
 O METERON NO FORNO  
 E COMEMOS MOITO PAN



EDUCACION INFANTIL

# GUSTAME A MAXIA

ODIA 6-ABRIL FOMOS O MAGO.



QUERIAMOS SUBIR, PERO NON SUBIU

PEQUENO HABIA UN PAPEL QUE MOUNO E  
METEUNO NUNHA TARTEIRA. SAIU  
UN MOVIL.

A UN PROFESOR PUXERONLLE UN  
MANDILON, BATIO UN OVO E BOTOUNO  
NUN SOMBREIRO, E SAIULLE UNHA  
TORTILLA FRANCESA. E COMEUNA.  
CANDO REMATOU DEUNOS A MAN.



PEDOBOLTAS






# ROMARÍAS DE GALICIA

<u>LUGARES</u>	<u>CURACIÓN</u>	<u>DATA</u>
SAN BENITO DE LÉREZ	Verruga e dor de cabeza.	21-III
SAN MAMEDE (BON)	Cura-lo referente ó ventre.	6-7-VIII
SAN CIBRÁN, en Tomeza	Espanta-lo meigallo e mal de ollo	Luns de Pascua
SAN AMARO (Aldán)		19-I
SAN BLAS (Seixo)	Cura-las enfermidades da gorxa (Bocio).	3-II
SAN ANTONIO	Vixia-la saúde dos animais.	
NOSA SEÑORA DA LANZADA	Contra os perigos do mar.	
SAN ANDRÉS DE TEIXIDO	Vixia-la saúde dos animais.	

## ¿QUE ME PASOU NUNHA ROMARÍA?:

- Caíume auga bendita nos ollos.
- Meu avó conto-me que na guerra, en San Amaro, fusilaban ós prisioneiros.
- Facíannos xogos:
  - Tira-la corda
  - Carreiras de sacos
  - Come-la mazá
  - Cucañas...
- Danzabamos ata que non podíamos cos pés.
- O meu avó levántase cedo para prepara-las empanadas de millo.
- O cocido levabámolo nun carro tirado por vacas.
- Despois da misa poñíame o traxe rexional para danzar co grupo de baile profesional.
- O avó dárame diñeiro para ir nos cochiños.
- Un señor que se chamaba Joaquín "O Bolo" que cantaba entre a xente e despois dábanlle un anaco de empanada, ese señor tamén era coñecido polo alcume "Sete Voces".




## ¿ EN QUE CONSISTE UNHA ROMARÍA ?:



- Pídense miragres ó Santo a cambio dunha promesa, ou tamén, celébrase en sinal de que o Santo cumpriu a petición.
- Leva-la figura de cerca da parte do corpo que se desexa curar.
- Ofrécese: flores, diñeiro, ir de rodillas, aceite, pezuñas de porco...
- Danse sete voltas á igrexa, en cada volta tíraselle unha pedra ó tellado (San Cibrán).
- Lévese aceite para a ofrenda e pásase tres veces por debaixo do Santo (San Benito). Pásase o pano polo manto do Santo.
- Acércanse ó Santo e dan o famoso TRUCO (golpe que se lle da coa cabeza contra o Santo).
- Subástase o que se lle leva ó Santo; chámase PUXA.

## ¿ QUE SE COME ?:

- Empanada
- Churrasco
- Cordeiro
- Sardiñas asadas
- Paleta de porco asada
- Tortilla
- Pulpo
- Roscón
- Rosquillas
- Facían unha pota de cocido cunha cacheira de porco. De postre, unha sandía grande.
- ...



E os avós traían garrafóns de viño tinto.




Primeiro Ciclo de Primaria.

## A ROMARÍA DE SANTIAGO DE ERMELO

A Romaría de Santiago de Ermelo celébrase nun monte, arredor da Capela onde teñen este Santo. Faise para celebra-la festividade de Santiago e tamén como xuntanza familiar e cultural.

O costume é face-la comida entre toda a familia; os avós levaban unha empanada, os tíos poñían carne asada ou polo e os meus pais levaban as froitas dese tempo, por exemplo sandía, melón e os viños e bebidas, ademais entre todos comprábanse as sardiñas que se asaban nunha fogueira do monte. Pero os que non querían levar comida sempre a encontraban nos tenderetes que montaban para vender estes produtos de temporada, ademais non faltaban as rosquilleiras que tamén vendían xoguetes e caramelos sen que faltaran os xelados.



Despois de comer un pouco de todo, cousa na que se tardaba bastante, a xente reuníase arredor dunha cruz que hai alí e disfrutaban de bailes típicos galegos e dos gaiteros. Máis tarde, cando isto acababa, recollíanse tódalas cousas que sobrarian da comida, tamén o lixo, e moitos marchaban para a casa e outros, case sempre os máis mozos, quedaban para disfrutar da verbena que se facía pola noite cunha banda de música e unha orquestra.

O máis importante de todo éache a celebración da misa e logo a procesión, que se celebraba pola mañá.

Primeiro Ciclo de Primaria.

# REFRÁNS, ADIVIÑAS...



- De fiarme das mareas, teño escarmento
- Na praia de Lapamám colles lapas coa man.
- Na Robalaeira, muxos na beira.
- Néboas en Cela, vento na vela.
- Neboeiro na Armenteira, mariñeiro na beira.
- Noroeste po-la tarde, vento sur pola mañá.
- Norde escuro, vendaval seguro.
- Fondo craro, peixe raro.
- Peixe de maio, que o parta un raio.
- Polvo polveiro, cabezudo e largueiro.
- Para buraces a pedra blanca.
- Si a proa vai e vén, o tempo non se ten.
- Vento do mar e choiva da ría fandango para o todo día.
- Neboeiro na montaña, mariñeiro na cabaña.

## CABO UDRA

Cabo Udra está na provincia de Pontevedra, no pobo de Beluso que é un pobo mariñeiro.

Para chegar ó Cabo téns que ir ó centro do pobo onde hai un cruce e coller unha desviación á dereita e seguindo todo recto 2 Km chegaremos a Udra.

Antigamente os veciños de Beluso ían cos carros de bois cortar fentos e toxos para estercar ós animais e ós quinteiros.

Cando foi da guerra fixeron un campamento militar e casas de cemento e puxeron moitos cañóns nas rochas que disparaban ós barcos inimigos.

Nesta zona aínda quedan restos despois da guerra. Ás veces veñen moitos camións con soldados a facer prácticas de tiro. Eses días non se pode ir a Cabo Udra.

Hai un ano declararon a cabo Udra zona protexida.

Abel 4ºA

## ADIVIÑAS

Por elas subes,  
por elas baixas  
e ti telas na túa casa.

Bonita planta cunha flor  
que xira e xira buscando o sol.

Da viña sae e na bodega faise  
ben se saborea e ás veces marea.

Estou na neve,  
estou no cal;  
no rico azucre;  
e tamén na sal.

Cómete o E e pon un A.  
Mira moi ben e botaa a voar.

Fátima 4ºA



## A VIDA DOS MARIÑEIRO NA PESCA DE ALTURA




Explicar a vida destes homes nos barcos non é tan fácil, traballar o peixe comer e durmir un día tras doutro, desexando que chegue o día sinalado de chegar á casa.

É tal a capacidade de sufrimento desta xente que tódolos sacrificios pasados nunha campaña, accidentes, temporais, a moita cantidade de horas sen durmir cando hai moito peixe, todo iso, e moito máis esquécense no momento de chegar á casa na que os primeiros días de adaptación son nalgúns momentos difíciles e xa volve un pensar no momento de marchar e así un ano tras doutro.


Para todas e todos eles unha forte aperta de David Gómez González.

David 4ºA


# OS DEBUXOS DE CASTELAO VISTOS POR 5º B




Autorretrato de Castelao




Detrás dunha rica sempre anda un senvergonza.




Brindo por la salud de mis descendientes, los hombres.



O sapo: ¡Se souberas a morte que che espera non comías tanto!



Vostede terá moito dereito, pero eu teño moita razón.



Os que mallan nas bestas non saben mallar nos caciques. E así anda todo.

# OFICIOS PARA UNHA LEMBRANZA



## OS CESTEIRO

“A comparanza do noso pobo, pre e protohistórico, cos primitivos actuais -escribe Xaquín Lorenzo- permítenos supor a existencia dunha industria de cestería cujas características descoñecemos, mais que debían ser moi semellantes ás de hoxe”. Dado a curta duración no tempo dos materiais empregados na realización de tales labores, como os sinais de tecidos feitos con ramaxe, cubertos cunha capa de barro, e utilizados nas vivendas, pode un decatarse da importancia do oficio de cesteiro nos tempos pasados.

Segundo o testemuño de Estrabón, unha armazón de varas recubertas de coiro, servía de armadura ás pequenas embarcacións primitivas indíxenas; asemade os **queipos** ou **gueipos** tecidos co mesmo material, tiñan a finalidade de lavar a terra para extraer o ouro. Faise mención, tamén, dos escudos dos guerreiros **CETRAS**, asemade, recubertos de coiro.

Os cesteiros son os principais artífices na fabricación de cestos e cestas. Constituiron unha especie de gremio (coma noutras profesións) cunha linguaxe propia (a verba dos cesteiros)

na que se comunicaban entre si sen ser entendidos polas persoas alleas á profesión. Exemplos tomados dos cesteiros de Mondariz: **docaíto** “machacado”, **charramoneiro** “ferreiro”, **chapona** “chaqueta”, **chumar** “beber”, **chumo** “viño”, **entaleigar** “saber”, **erena** “bruxa”, **escaino** “muiño”, **ferresear** “traballar”, **gabrupar** “falar”, **horsee** “madeira”, **longuiño** “centeo”, **lucio** “día”, **mente** “non”, **oreta** “auga”, **raucha**, “noite”, **xabil** “diñeiro”...

Dependendo do material empregado na súa fabricación, podemos considerar dúas clases de cestos: **estelizas de carballo**, máis utilizado polos cesteiros itinerantes e **varillas de vimbio**, empregadas habitualmente polos artesáns establecidos na vila ou na cidade.

Instrumentos de traballo: **o burro**, peza primática de madeira de grosor variable e de metro e medio de lonxitude, utilízase como soporte para a preparación da **esteliza** (láminas delgadas de madeira); **a coitela**, lámina de aceiro afiado por un dos extremos maiores; **os ferros**, pequenos instrumentos deste material, con empuñadura de madeira, utilizado para furar o material.


Pera realizar esta labor prefírese a madeira de **carballo**, aínda que faltando esta, utilízase a de **castiñeiro**, **salgueiro** ou **cerdeira**. A árbore escollida ten que ser xoven, e ben feita á que se lle queima a casca nun forno ou nunha fogueira, de seguido córtase en **estelas** seguindo a dirección das vetas da madeira e desbástanse no **burro**, quedando listos para a construción dos obxectos pretendidos: **cesta**, **cesto**, **cuarto**, **patela**, **cesto da roupa**, **canastilla**, **bandexa**, **a penela**, **o cesto carreteiro**, **o moñico** ou **queipo** ou **gueipo**, **a carabela**, **os culeiros**... entre outros.

Os cesteiros localízanse, xeralmente, en comarcas ben definidas (**Mondariz**) a razón, segundo **Xaquín Lorenzo**, reside en feitos históricos, raciais ou económicos.

Este artesán, aparte de contratarse alí onde se soliciten os seus servicios, ten a súa produción propia que vende nas feiras e mercados. En tempos pasados o seu traballo cobrábao en especies.

**O cesteiro** sedentario de vilas e cidades, fabrica unha variada gamma de obxectos, sobre todo con **vimbios**.

As obras de gran tamaño, **cabaceiros**, **grades**, **canizas**, **portas**, **cancelas**... facíanas os carpinteiros ou



os mesmos interesados; o material empregado comprendía dende madeira de avela ata salgueiro, castiñeiro ou cerdeira.

Os cesteiros que percorrían as aldeas anunciábanse co pregón “¡compoñer cestas!” ó que respostaban os nenos “¡burros e bestas!”. Recóllese unha copla popular así:

*O cesteiro canta:*

*-¡ Compoñer cestas!*

*E os rapaces berran:*

*- ¡ Burros e bestas!*

Outra cantiga fai mención ó arraigo popular deste oficio.


*Un cesteiro anda tras min,  
eu fuxindo do cesteiro;  
anda cun feixe de varas  
e pode tentalo o demo.*

No refraneiro atopamos:

- *Gábate, cesto, que venderte quero.*
- *O que fai un cesto fai un cento, si lle dan vergas e tempo.*
- *Quen fixo o cesto que lle poña o aro.*

*5º Curso, Grupo B*

# As árbores das nosas fragas



## O ACEVO ( *Ilex aquifolium* )

O acevo é a especie máis coñecida da familia das aquifoliáceas, é un arbusto ou árbore sempre verde, densamente ramificado, erecto, de 2 a 10 metros de altura, cunha copa cónica estreita. A súa cortiza, inicialmente de cor gris prateada, lisa, e máis tarde de cor parda grisácea, estriada e punteada, áspera e gretada; as pólas son erectas e as follas, de 3 a 12 centímetros de longo e de 1,5 a 3,5 centímetros de ancho, ovaladas ou elípticas, de cor verde oscura e lustrosas na cara e de cor verde craro e mate polo revés cos bordes ondulados e provistos de varias espiñas. As súas flores, separadas as masculinas das femininas en distintas árbores, son brancas e aromáticas, e florece entre abril e xuño. O froito é unha drupa con catro sementes, esféricas, de cor bermella, e son un alimento apreciado

polas aves que contribúen así á dispersión das sementes.

Oriundo de Europa e oeste de Asia, vive salpicado ou formando acevedos pouco extensos, nos vales sombríos das serras españolas, común no norte da Península Ibérica e cada vez máis raro cara ó sur. Crece como sotobosque en ambientes frescos e de solo profundo.

O acevo pode alcanzar unha idade moi avanzada, coñécense casos de ata 300 anos de vida. É un arbusto moi apreciado coma planta ornamental pola súa vistosidade, e está amplamente popularizado en razón do seu uso como adobo de Nadal, o que contribúe á súa devastación. A madeira é branca e utilízase para traballos de marquetería.

*6º curso, grupo A*



# POESÍAS

## OS PESCADORES

Os pescadores saíron  
porque teñen que ir pescar,  
reúnense xa no barco  
para marchar cara ó mar.

Os pescadores colleron  
lorchos, xurelos, serráns,  
e outras clases de peixes  
que para a súa casa van.

Á media tade xa marchan,  
porque teñen que ir coser  
as redes que se romperon  
e mañá poder volver.

Xa chegou a mañanciña,  
levántanse a almorzar  
e reúnense no muelle,  
vanse de novo a pescar.

Este día non pescaron  
polo mar bravo que houbo,  
regresan sen nada a porto  
algo tristes, sen acougo.

Pablo Martínez Rdguez  
6ºB.

## AS COUSAS

Cando a noitiña chega  
e a xente dorme tranquila  
as cousas fan unha festa  
e despois fan a tortilla.

A alfombra canta e baila  
e non quere que a pisen  
pero logo chega a dona  
e pisouna anque eu llo dixen.

A cociña limpa estaba  
e os gatos agardaban  
algún rato ou espiña  
que houbera na cociña.

A estufa está moi quente,  
dá moitísima calor,  
e todos están presentes  
no quentiño comedor.

A lámpara do salón  
case sempre está encendida  
e eu cómome un melón  
cando fago unha saída.

Clara Mª.González Ferndez.  
6ºA.

## EU QUIXEN SER

Eu quixen ser un gato,  
pero dos gatos máis bos,  
dos que non rabuñan nunca,  
dos que lle gusta ser loucos,  
dos que comen coma porcos.

Eu tamén quixen ser can,  
dos que son de cor marrón,  
dos que dormen todo o día,  
que dan brincos no cañón  
e despois volven dormir.

Eu tamén quixen ser rato,  
dos que rillan nos zapatos,  
dos dunha cor medio branca,  
dos que sempre fan buracos  
dentro e fóra dun guiñapo.

Todo iso eu quixen ser  
e todo iso nunca fun,  
todo iso quixen ser eu,  
que sempre soñei que fun  
un gato, un can, un rato.

Daniel Comedeiro. 6º A.



## A PRIMAVERA

Xa chegou a primavera  
e con ela os paxariños  
que traballan sen descanso  
para facer os seus niños.  
Cando chove en primavera  
de amarelo cobre o chan,  
as abellas xogan ledas,  
queren picarche na man.  
Bolboretas, mariquiñas,  
saltamontes e demais,  
todos xogan moi contentos  
no seu bonito fogar.

As árbores de cores,  
cubertas todas de flores  
deixan que os paxariños  
disfruten dos seus olores.  
¡Que fermosura de árbores,  
coas súas follas verdes,  
que van botando as flores  
pequeniñas, de mil cores!  
As abellas van correndo  
moi de présa cara ás flores  
para quitarlle o seu néctar  
e facer mel de sabores.

No verán imos á praia  
e xogamos cos amigos,  
nadamos, chapoteamos,  
que virá o outono frío.



Ana Menduiña Pastoriza. 6ºB  
Tara Soage. 6º B.

## .....CONTO .....

### "A Espada Máxica"

Hai moitos anos nun lonxano país vivía un rei nun gran palacio . Esta rei tiña unha filla moi fermosa, a princesa Sandrina. A princesa tiña ganas de coñecer ó guerreiro máis valente do reino. Díxolle ó seu pai que lle fixera unha proba ós guerreiros do reino para ver quen era capaz de superala.

O rei decidiu mandar ós guerreiros máis valentes do reino en busca da espada máxica que levaba séculos desaparecida. O guerreiro que fora capaz de atopala e traela sería nomeado o guerreiro máis valente e coñecería á fermosa princesa.

Máis de vinte guerreiros osados saíron trala espada máxica. Un deles chamado Eduardo, mentres camiñaba polo bosque, atopouse cun pato que en realidade era o mago barbudo, e o pato preguntoulle ó mozo: ¿Onde vas por este camiño?. O guerreiro contestoulle que ía en busca da espada máxica . O pato díxolle que tivera coidado de non caer nalgunha das moitas trampas para osos que había postas no camiño.



O valente mozo seguiu polo camiño e non andiveron máis de media legua, cando caeu nunha das trampas para osos. Por máis que o intentaba non era capaz de saír daquela trampa. Cando xa pensaba que a súa aventura rematara, pasou por alí un ancián que o mirou e foi en busca de axuda. Máis tarde regresou con dous leñadores, que traían unhas cordas, botáronlle-las cordas e o xoven valente conseguiu saír dalí.



Continuou a busca da espada máxica e máis adiante descubriu unha cova, meteuse dentro e observou que de dentro saía un resplandor misterioso. Acercouse e comprobou que a luz procedía dunha chave dourada que parecía ser dunha porta de reixas trala que se atopaba a espada máxica.

Ó intentar colle-la chave caeu por un buraco oculto no chan e atopouse prisioneiro. Súa cela tiña dúas portas idénticas, gardadas cada unha por un enigmático habitante das rexións de "FALSIO" e de "SINCERIO". Os gardas do xoven guerreiro déronlle a oportunidade de recupera-la súa liberdade, plantexándolle a seguinte adiviña:

Un dos gardas era de Falsio e o outro de Sincerio; unha das portas conducía á liberdade e a outra non; só podería facer unha pregunta a un só dos carcereiros e decidir logo que porta elixir.


### ¿Que pregunta formulou?

Pensa ti tamén e axúdalle a atopar a pregunta axeitada....

O valente Eduardo estivo a pensar un bo rato pero a pregunta era complicada porque se lle preguntaba ó carcereiro pola porta da liberdade, o de Falsio vaille dicir que a porta da prisión, e o garda de Sincerio vaille dicir a porta da liberdade pero el non sabía quen era cada garda. Despois de darlle varias voltas decidiu preguntarlle a un dos gardas: "Se eu preguntara ó outro carcereiro que porta conduce a liberdade, ¿Cal me sinalaría?". O guerreiro saíu pola porta contraria a indicada na resposta e pasou a unha estancia onde se atopaba un dragón que lle dixo: "Se eres quen de resolver a adiviña poderás colle-la chave dourada".

A adiviña dicía : "Un príncipe ten tantas irmás como irmáns, pero as súas irmás teñen a metade de irmás que de irmáns. ¿Cantos son?"

### ¿Serías ti capaz de acertalo?



O xoven Eduardo contestou rapidamente: "Son tres irmás e catro irmáns."



Ó resolve-la adiviña o dragón apártase permitíndolle colle-la chave para abri-la porta e leva-la espada máxica. Sale da cova coa espada; no camiño de volta atópase co bruxo Jonás que lle quita a espada.



Entón regresa ó castelo a buscar axuda pero ninguén quixo axudalo porque o bruxo era moi temido.

Así que tivo que ir só a recupera-la espada e enfrentarse co temido bruxo.

Na busca Eduardo atopouse coa súa amiga a aguia que lle dixo onde atopalo bruxo. O bruxo estaba na súa casa e non soltaba a espada; Eduardo esperou oculto ata que quedou durmido; quitoulle entón a espada e marchou sen facer ruído; nese intre o bruxo esperta e intenta quitarlle a espada cun feitizo para convertilo nun saltón, pero a maxia da espada actúa e o feitizo vólvese contra o bruxo que queda convertido nun saltón valente. Eduardo volve victorioso ó castelo e coñece á fermosa princesa Sandrina da cal queda totalmente prendado.

Un tempo máis tarde casan e son felices no reino da espada máxica.

Alumnos de 3º B.

CONTO:



**¡COMO CAMBIAN AS PERSOAS CANDO SON RICAS!**

Érase unha vez unha familia moi pobre que estaba a pedir polas rúas, pero sempre comida, nunca cartos. Un día Xoán deulle 200 pesetas e eles foron comprar un cupón para a lotería. Pasaron uns días e saíu premiado o seu número. A familia saíu á rúa para celebralo.

Ó día seguinte foron ó banco e déronlle catrocentos millóns de pesetas. Os veciños dixéronlle que se alegraban moito e que xa non terían que pedir máis.

Dalí a uns días dixéronlle a uns constructores que lles fixeran unha casa coma a de Antonio Banderas.



Os veciños cando falaban con eles xa non eran os mesmos. Non lle importaban os veciños nin os seus amigos. A muller estaba nun clube de veciños onde se discutían os problemas de todo o edificio e ela non ía. Mirábana e preguntábanlle por que non ía ás reunións e ela contestáballes que iso era para pobres inútiles. Tódolos veciños quedaron abraiados polo seu comportamento.

Pasaron uns días e os veciños non lle falaban. A ela non lle importaba porque só lle importaban os cartos e os seus amigos... ¡nada!.

O señor Govin é o home de Rosa e díxonos que o sentía, que desde que lle tocara a lotería cambiara moito pero que el seguía sendo a mesma persoa e que intentaría falar coa súa muller para que se

dera conta do que estaba facendo, que estaba moi mal.

- Rosa, non me parece ben o que lles estás facendo ós veciños. Gracias a eles somos o que somos agora. Tés que darlle as gracias a Xoán que foi o que nos deu as 200 pesetas para comprar o número da lotería e tamén ó resto dos veciños por darnos a comida cando non a tiñamos.
- Tés toda a razón, Xosé. Estoume portando moi mal cos que nos axudaron. Teño que ir ás casas e pedirilles a todos disculpas aínda que non creo que esquezan o que lles chamei, pero por intentalo nada se perde.
- Ti vas e pídeslle disculpas a todos. Dilles que cambiaches e que estás moi arrepentida por todo o que fixeches e que che gustaría seguir indo á reunión e darlle todo o cariño e apoio que non lles deches a todos durante todo este tempo.

Un día dos que se reunían tódolos veciños apareceu alí Rosa.

- ¡Hola! ¿Que tal estades?.
- ¿Que che parece?, aínda que ultimamente parece que non che importa moito.
- Quero pedirvos disculpas a todos.
- Ti eras todo o noso apoio, sempre estabas a darnos consellos e, de repente, tocouche a lotería e xa cambiaches.
- Non o entendo, a verdade. Desde que me tocou a lotería empezáronme a

saír as ambicións e, tanto pensar nos cartos, esquecinme de vós que sodes o máis importante na miña vida.

- Entendémoste, pero é moi difícil perdoarte tan pronto. Como eres ti... perdoámosche.
- ¡De verdade!.
- ¡Claro!. ¡Benvida de novo, Rosa!.

Pasaron uns meses e Rosa tivo un fillo. Despois do parto dixéronlle que xa non podía ter máis fillos. Ela púxose un pouco triste, pero cando lle puxeron ó rapaz nos brazos alegrouse coma un cuco.

Ós tres anos o neno empezou a ir á escola. Comía moito pero non engordaba porque facía moito deporte.

- ¡Hola, Rosa! ¿Que tal?.
- ¡Moi ben! ¿Pásache algo, Marta?.
- Si, o meu home ségueme pegando.
- O que tes que facer é ir ó xulgado e facer unha denuncia e así deixarache de pegar. Mentres podes quedar ti e máis o teu fillo na miña casa.
- ¿De verdade?.

- ¡Claro que si!.
- Dentro de dous días é o teu cumpreanos ¿non?.
- ¿Acórdaste?.
- ¡Claro!. Imos facerche unha festa... ¡festa!.
- ¡A ver se se acordan todos!. Gracias por vir visitarme, Marta.
- Gracias a ti por volver a ser a mesma.

Pasaron os dous días e, pola noite, chegou Rosa co rapaz. Encenderon as luces e apareceron eles dicindo:

- ¡Sorpresa! ¡Feliz cumpreanos, coarentona!.

Pasárono moi ben todos e quedaron felices, felices, felices...

Margarita Rey Novas. 6º B.



# ANIMAIS SALVAXES



## O LOBO (*Canis lupus*)

O lobo é un mamífero carnívoro do grupo dos fisípedos que se caracteriza pola estrutura normal das súas patas, conformada para andar pola terra, se ben o carácter máis importante deste grupo que o distinguen dos demais mamíferos está na dentadura, e consiste en que o último premolar superior e o primeiro molar inferior son moito máis robustos cás demais moas, moi comprimidos lateralmente e moi cortantes. A estas moas así modificadas dásele o nome especial de “dentes carniceiros”, e delas se serven estes animais para cortar.

Tamén se pode observar nestes animais, que teñen os dentes incisivos moi pequenos e os caninos moi grandes e puntiagudos.

Ningún animal ten un papel tan destacado nos mitos e lendas dos pobos septentrionais como o lobo. Durante miles de anos disputou a caza ó home e deu morte ó seu gando. Abundan as historias de ataques dos lobos ós seres humanos, pero moitas son esaxeradas e a maior parte pura fantasía. Hai poucos casos probados de ataque dun lobo san contra un home e aínda hoxe todo o que necesitan os pastores para defenderse dun lobo agresivo é un bo garrote. Moitas lendas teñen a súa orixe nos tempos de guerra, fame ou epidemias. Sen embargo, estes animais poden ocasionar estragos no gando.

O lobo común é un animal forte e robusto, de 80 cm de alzada, a súa pelaxe é corta na cabeza e nos membros, e longa no pescozo e no

lombo, de cor amarela con moita mistura de gris.

O lobo é un animal nocturno. Durante o día permanece oculto en algún sitio escondido das fragas ou das montañas, e de noite sae na busca do seu alimento, que consiste en caza e gando menor, aínda que a realidade é que ataca a tódolos animais que non son o bastante fortes para facerlle fronte.

O home foi desplazando ó lobo cara as rexións setentrionais ou cara as alturas das montañas. Excepto no inverno, o lobo desplázase só, ou en parellas, que en canto se constitúen, estas parellas, duran de por vida dos animais. O núcleo da manada de lobos é a parella reproductora, nas manadas, os lobos integranse dentro dun conxunto, sen perder por iso a súa individualidade. Este encadramento nunha estrutura social aumenta moi considerablemente a súa efectividade na predación. A caza maior só é posible en manadas. A base destas é o mutuo coñecemento, a partir do que se configura unha estricta xerarquía cun reparto fixo de papeis. O macho máis forte convírtese no líder e guía da manada anque algunhas accións as delegue nunha loba dominante. Os membros da manada cazan xuntos, relevándose durante o acoso ou dividíndose en grupos que van

arrinconando á presa. Esta repartese entre tódolos membros da manada dacordo coa súa posición xerárquica. Son pouco frecuentes as loitas serias dentro da manada, o que probablemente se debe a que a maioría dos seus membros están emparentados.



A reprodución ten lugar a finais do inverno e nacen de catro a sete cachorros cegos e inermes. Ó cabo dun mes saen da lobeira para recibir comida e as atencións dos seus pais e doutros membros da manada. Os cachorros permanecen xunto ós seus proxenitores por espacio dun ano ou algo máis e logo deixaos para iniciar a súa propia vida.

Tódalas razas de cans domésticos descenden do lobo. Isto demostra a longa variedade de formas que se agachan nos seus xenes e que a crianza sacou a relucir.

*6º Curso, Grupo B*

## LAVADOIROS E FONTES ANTIGAS



Lavadoiro de **NOCEDO**. Está situado en Bon de Abaixo. É todo de pedra e ten unha fonte nun lado.

Lavadoiro de **OPORTO**. Situado ó lado do monte Mangela. Ten uns 80 anos.


Lavadoiro de **TOMADELO**. Está ó lado da estrada da praia de Area de Bon. Na actualidade está cuberto de uralita. Ten dúas escaleiras. Todo de pedra.

A fonte de **SANAMEDIO**. Está no adro da igrexa do mesmo nome.


Fonte e río de **LAXE**, en Sar. Toda de pedra.

A **FONTE NOVA** e o río Mañufe. Están situados no lugar de Montemogos.

O río de **OURIL**. Ten máis de 80 anos. A xente ía lavar a roupa e buscar auga para beber.



Alumnos de 3º A.



## A TRAIÑA


A traíña era unha embarcación procedente do Cantábrico que se estendeu por Galicia a partir do ano 1896.

Utilizábase na pesca da sardiña coa arte do cerco, de xareta ou traíña, coa que se introduce.


Construídas con madeira moi lixeira, estas embarcacións de moi pouco calado e planas na caderna mestra eran moi finas nas entradas e saídas da auga.

Medían de 9 a 12 m. de eslora, 2'40 m. ou un pouco máis de manga; e o puntal ía de 1'10 m. na proa, a 1 m. na caderna mestra e a 0'95 m. na popa.

Aparelladas para vela con un ou dous paos para usar en caso dun bo vento, non se trataba dunha embarcación moi veleira xa que usaba principalmente como medio de propulsión o esforzo que a tripulación poñía nos remos.



LANCHA XEITEIRA



TRAIÑA

Normalmente tiñan 8 remos por banda, pero non eran raras, sobre todo na ría de Vigo, as que tiñan 10 remos por banda, e tamén un proel e un timonel, de xeito que a tripulación non baixaba de 18 a 20 homes.

A partir destas traíñas fixéronse outras embarcacións parecidas pero máis pequenas, de 5 m. a 7 m. de eslora, como a lancha xeiteira, que se utilizaron na pesca con boliches, rapetas, xeito, etc.

As traíñas deixaron de utilizarse na actividade pesqueira a finais dos anos vinte. Sen embargo, seguiron a empregarse bastantes anos despois con fins competitivos en regatas que se celebraban nas rías de Vigo e Pontevedra. Esta práctica deportiva de remo aínda se mantén hoxe pero con traíñas máis estilizadas que utilizan na súa construción novas tecnoloxías e novos materiais.

Angela, Borja, Hugo, Irene, Isaac, Sara 5º A

## A SARDIÑA. (*Sardina pilchardus*)

### Descrición.


É un peixe de corpo alongado e algo comprimido lateralmente que pode alcanzar os 29 cm. de lonxitude na madurez.. A súa cor é azulada no lombo e prateada nos costados e no ventre. Ten a

maxila superior algo máis saínte cá inferior, dentes moi pequenos nas dúas maxilas, ollos con pálpebras ben desenroladas e corpo cuberto de grandes escamas.

### Hábitat e modo de vida.

Esta especie peláxica vive no Atlántico Oriental, dende Irlanda ata Canarias, formando ás veces grandes cardumes ou bancos cerca da costa. No

verán emigran cara ó norte e cara á costa en busca de alimento; no outono van cara ó sur para pasar o inverno en augas máis profundas.



### Alimentación.

Aliméntase principalmente de zooplancton, ovos e larvas doutros peixes.

### Reproducción.

A sardiña alcanza madurez sexual á idade de tres anos. A freza realízase cerca da costa, entre a primavera e o verán,

dependendo da temperatura da auga. Os ovos que caen soltos (50.000 – 60.000) eclosionan ós (2 – 4) días.

Aida, Antía, Clara, Javier, Vanessa. 5ª


## A PESCA DA SARDIÑA.

A sardiña pódese pescar de varias maneiras, entre elas as seguintes:

### CERCO DE XARETA.

O aparello ten forma rectangular, mide de 420 a 600 metros e ten as seguintes partes:

1. Calóns – Están situados nos extremos do aparello e van unidos ó estrobo.
2. Cabeceiros- Situados entre o calón e as calzas. Axudan a cala-lo aparello.
3. Panos do aparello – É a parte principal do aparello e pode medir ata 80 brazas de altura.
4. Calzas – Son un reforzo de malla resistente que rodea todo o aparello.
5. Tralla do colcho – Cabo situado na narte de arriba do aparello onde van metidos os colchos que axudan a que flote.
6. Tralla do chumbo – Cabo situado na narte de abaixo do aparello onde van os chumbos que axudan a que fondee.
7. Xareta – Cabo que vai polo medio dunhas argolas amarradas á tralla do chumbo que axudan a pecha-lo aparello.
8. Enxagua – Aparello de malla moi resistente onde se xunta o peixe.



### Modo de traballo.

Realízase durante a noite, dándose tres ou catro lances segundo a pesca.

As mellores horas son ó axexo (noitiña) e á luada (ó abri-lo día).

Arréase o aparello facendo unha circunferencia arredor do peixe.

Vírase a xareta ata que as argolas cheguen a bordo e amárranse.

Métese a bordo o pano tirando da parte de abaixo ata chegar á enxagua (parte feita de malla moi resistente).

Na enxagua xúntase o peixe para logo metelo a bordo coa axuda de salabardos ou trueis (enxaguar).

## TRAIÑA.

Era unha arte de pesca utilizada en distintas partes de España para a pesca da sardiña, anchoa, cabala, xurelo, etc.

O aparello de forma rectangular tiña colchos na parte superior e chumbos na parte inferior e a súa lonxitude e altura variaba dependendo da pesca e os mares onde se utilizaba.

Tiña unha malla toda igual de 1 cm. e na parte inferior levaba unhas argolas unidas a unhas rabizas polas que pasaba un cabo chamado xareta que permitía pecha-lo aparello.


Calábase igual ó cerco de xareta.

## XEITO.

É un aparello de aproximadamente 70 m. de lonxitude e 2 m. de altura por peza, que se arma en caceas de 5 a 25 pezas. A primeira peza vai unida ó barco e chámase man e a última queda libre e chámase rabo.

Ten as seguintes partes:

1. Panos – De malla de 3 ou 4 cm.
2. Cadenetas – Rodean todo o aparello.
3. Tralla do colcho – Cabo no que se colocan os colchos para que a rede flote.
4. Tralla do chumbo – Cabo no que se colocan os chumbos para que o aparello fondee.
5. Tallas – Cabos que unen a tralla do colcho cos boureis.
6. Boureis – Cortizas que serven para a sinalización do aparello.



## Modo de traballo.

Localízase o peixe e lárgase o aparello diante del.

O aparello queda aboiado no mar e os peixes van chocando nel, quedando presos pola cabeza. Despois de varias horas ou cando se mira que os boureis afunden, recóllese o aparello e desmállase o peixe.

Esteban, Lucas, Miguel, Raquel C., Raquel G. 5º A

## RECEITAS DE COCIÑA - A SARDIÑA

### SARDIÑAS FRITAS CON RECHEO

Ingredientes:

Sardiñas - 1 cebola - Perexil - 1 pemento vermello - Sal - Aceite - Ovo - Fariña

Lávanse as sardiñas, escámanse e quítaselle a espiña. Nunha sartén bótase un pouco de aceite ponse a rustir a cebola ben picadiña, o pemento vermello e o perexil. Con este refrito reenchemos as sardiñas que xa temos limpas e abertas, pechámolas e rebozámolas en fariña e ovo batido. Fritímolas na sartén e ... ¡a comelas que están moi ricas!

### SARDIÑAS EMPANADAS

Ingredientes:

Sardiñas - Ovo - Pan raiado - Aceite - Sal.

Límpanse as sardiñas ábrense e quítaselle a espiña. Bótaselle un pouquiño de sal. Envólvense as sardiñas en ovo e pan raiado e fíntense na sartén co aceite.

### SARDIÑAS GUIADAS

Ingredientes:

Sardiñas - Auga - Cebola - Pemento verde - Perexil - Tomate - Pemento - Aceite - Sal - Loureiro - Ourego .

Bótase nunha cazola de barro a cebola picada e as tiras de pemento verde. Colócanse as sardiñas e bótaselle un pouquiño de sal, perexil, tomate, ourego e unha folla de loureiro. Espolvoréase o pemento, añádese a auga e o aceite e pónense ó lume.

### SARDIÑAS EN ESCABECHE

Ingredientes:

Sardiñas - Allo - Aceite - Loureiro - Pemento doce - Vinagre - Sal .


Límpanse ben as sardiñas. Bótase o aceite na sartén e déixase quentar un pouco. Cando as sardiñas vaian estando fritas, botámolas nun recipiente fondo. Nunha taza bótase medio vaso de aceite, os allos pelados e picados, unhas follas de loureiro, un chorro de vinagre e unhas culleradiñas de pemento doce. Esta salsa vértese enriba das sardiñas e déixase repousar. ¡Xa as podes comer!

### SARDIÑAS Á PARRILLA

Ingredientes:

Sardiñas - Patacas - ¼ l. de aceite - Sal - Pimenta - Allo - 1 xema de ovo - Zume de ½ limón - 4 dentes de allo.

Cócense as patacas ó forno moi quente envoltas en papel de aluminio durante 40 minutos. Prepárase a salsa de allo machucando no morteiro os dentes de allo con sal e pimenta ata reducilos a unha pasta. Engádese a xema e o aceite moi despaciño removendo sen parar; e cando espese bótase o zume do limón. Para evitar que se calle engádese unha cullerada de auga quente. Límpanse as sardiñas sen sacarlle a cabeza e enzóufanse de aceite polos dous lados. Ásanse enriba dunha parrilla ben quente durante 4 ou 5 minutos por cada lado. Sérvense axiña acompañadas das patacas e a salsa de allo.



Angela, Irene, Isaac, Sara 5º A

## INSTRUMENTOS MÚSICOS DA ACTUALIDADE

No número anterior dicíamos que os instrumentos musicais naceran da imitación que, de sons producidos polo propio corpo ou polo entorno, fixo o home ao traveso dos tempos. Esta evolución foi máis intensa a partires do século XVI, dando lugar a aparición dos modernos instrumentos que hoxe coñecemos e disfrutamos,...e que seguen evolucionando incansablemente.

Para poder estudia-los instrumentos musicais actuais, vámoslos clasificar segundo as distintas maneiras que teñen de producir os sons, eses sons que nos emocionan ata deixarnos sen respiración, cando están ben interpretados.

### A- Instrumentos de corda:

O son que sae destes instrumentos débese á vibración producida por unha **corda** feita de tripa, de aceiro ou mesmo de plástico, tensada de tal xeito, que é quen de da-la nota requerida. Esta nota podémola modificar á nosa vontade, apretando en determinados lugares do **mastro**, acortando así a súa lonxitude e conseguindo, polo tanto, un son máis agudo. Todos teñen unha **caixa de resoancia**, que o amplifican, facéndoo audible.

Pola forma de toca-los, estes instrumentos poden ser:

-De corda frotada por medio dun arco como o violín, o violonchelo, a viola, ou o contrabaixo.

-De corda pinzada por medio dos dedos ou dunha púa, como a guitarra, o arpa, uo o laúde.

-De corda percutida ao ser golpeada por unha especie de maciño, como o piano.


Actualmente a algúns destes instrumentos substituíuselle a caixa de resoancia por micrófonos moi pequenos, que son capaces de amplificar sons doutro xeito inaudibles. Temos así instrumentos transformados como a mesma guitarra eléctrica.



violín de Guarnerius (1742)



violonchelo




viola da gamba  
conservatorio de música  
Berlin

## B Instrumentos de Vento

Todos constan dunha embocadura, que é a que produce o son, e un corpo. Moitos rematan nun ensanchamento de forma característica chamado campá.

Por como son capaces de produci-lo son , máis que polo propio material de que están feitos, os instrumentos de vento poden ser:


-**Vento madeira:** o son créase ao facer vibrar, por mor do aire que sae da boca, unha ou dúas laminiñas - **lingüetas** - de madeira moi afiada; salvo nun tipo destes instrumentos, as **frautas**, nas que o que vibra é o aire que pasa a traveso dun corte de **bisel**. A **fruta traveseira** , a pesares de estar construída




oboe



flauta en «do»



de varas correderas



de pistones

trombones




trompa  
museo municipal de música  
Barcelona



trompeta en «do»

en metal (aceiro e incluso prata), cóntase como instrumento de vento madeira por adaptarse á forma de produci-lo son deste tipo de instrumentos, a máis de que antiguamente se fabricaban en madeira. Instrumentos modernos como o **saxofón**, están tamén incluídos neste apartado por razóns parecidas. Outros instrumentos de vento madeira son o **oboe**, o **fagot**, o **clarinete**, o **corno inglés**, a **gaita** ou os **pitos**.

**-Vento metal:** Nestes nace o son da vibración dos labios do propio intérprete, que sopra sobre unha embocadura que se adapta aos labios. É dicir, que o mesmo músico produce o son, que logo amplifican o resto das partes do instrumento. Os instrumentos que, como a **tuba**, producen uns sons extremadamente **graves**, precisan de que o aire pase por un tubo moi longo. Para conseguir un instrumento suficientemente cómodo, o corpo do instrumento aparece dobrado como se fora un rolo dunha manguera . Aínda así non é dos instrumentos máis pequenos... Por medio dos **pistóns** conséguese que o aire recorra un camiño máis ou menos curto, obtendo así, sons máis ou menos **agudos**. A **trompeta**, o **trombón**, a **trompa** ou o **bombardino**, son instrumentos de vento metal que se poden escoitar en calquera dos bandas de música do país.



**Instrumentos de percusión:** 1. Carillón.-2. triángulo.-3. Batería.- 4.Pandeireta.- 5. Xilófono.-6. Tambor.-7. Bongó.-8. Timbal

### C-Instrumentos de Percusión:

O **bombo**, a **caixa**, o **xilófono**, o **tamboril**, as **claves**, os **címbalos**..., forman parte deste grupo numerosísimo de instrumentos de percusión.

O seu son prodúcese ao bater coa man, ou con calquer outro obxecto, algunha das partes do instrumento. Moitas veces aproveítanse varias destas partes, obtendo así diferentes **timbres**. O sitio susceptible de ser **percutido** pode ser de moitos materiais: Láminas de metal, madeira ou plástico; Membranas de pel. tripa, goma...;cilindros, esferas, tubos ..., calquera superficie pode ser doada para levar un ritmo . Moitas veces obxectos tan pouco sospeitosos de ter querencias musicais como cucharas, tixolas, botellas ou anacos de canas, utilízanse como instrumentos de percusión para o acompañamento a unha canción dunha cantiga popular.



# DEPORTES



## EQUIPOS DE TENIS DE MESA DO COLEXIO QUE CHEGARON Á FASE COMARCAL

Dentro da actividade deportiva en idade escolar celebrouse a competición de Tenis de Mesa coa participación, un ano máis, dos equipos do C.E.I.P. de Beluso. Os equipos seguintes clasificáronse na fase zonal para xogar a fase comarcál, na que os dous equipos Alevíns quedaron eliminados, mentres que os Benxamíns están á espera de novas sobre a competición. Precisamente estas dúas fases disputáronse no Colexio de Beluso.

¡PARABÉNS A TODOS!

### BENXAMÍNS

ANDREA FERNÁNDEZ PÉREZ  
CARMEN PÉREZ CERVIÑO  
LAURA PIÑÓN FERREIRA  
SARA MOITAL FERNÁNDEZ



MIGUEL GARCÍA GARCÍA  
DAVID GÓMEZ GONZÁLEZ  
ABEL JUNCAL LÓPEZ  
JOSÉ PORTELA MAGDALENO

### ALEVÍNS

IRENE ÁLVAREZ GIL  
ÁNGELA FERNÁNDEZ PÉREZ  
ANA ISABEL GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ  
KRISTINE GARCÍA PALANYSAMY



ADRIÁN IGLESIAS AGULLA  
DAVID IGLESIAS AGULLA  
JULIO ALBERTO GRAÑA SANTOS  
JHONATTAN GONZÁLEZ MARTÍNEZ





# DEPORTES



## EQUIPOS GANADORES NAS LIGAS DOS RECREOS

Un ano máis estanse disputando nos recreos as competicións por clases, en Balonmán e Futbito. Estes son os equipos gañadores nas que xa remataron, mentres que en Futbito-Nenos a liga aínda está en xogo nesta data.

¡FELICIDADES ÓS GANADORES E A TODOS EN XERAL POLA SÚA PARTICIPACIÓN!

### FUTBITO-NENAS.



#### 4ªA.

FÁTIMA COMEDEIRO DARROSA  
LIDIA LÓPEZ FERRADÁS  
YANIRA BARREIRO DOMÍNGUEZ  
ANABEL GONZÁLEZ BERNÁRDEZ  
ANALY GONZÁLEZ MARTÍNEZ  
AIDA CRUZ ESTÉVEZ

#### 6ªA.

ANA ISABEL GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ  
KRISTINE GARCÍA PALANYSAMY  
NURIA FIEL OTERO  
ALBA COUSO FERREIRA  
LETICIA GONZÁLEZ ABAL  
CLARA Mª GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

### BALONMÁN-NENOS.

#### 6ªA.

DANIEL COMEDEIRO ALFAYA  
DÓNOBAN DÍAZ GARRIDO  
IVÁN FANDIÑO GARCÍA  
PABLO FERRADÁS HERBELLO  
JHONATTAN GONZÁLEZ MARTÍNEZ  
JULIO ALBERTO GRAÑA SANTOS  
ADRIÁN IGLESIAS AGULLA



#### 4ªA.

VÍCTOR MANUEL AVE RIAL  
ALBERTO COSTAS MENDUIÑA  
MIGUEL GARCÍA GARCÍA  
ÓLIVER GARCÍA PALANYSAMY  
DAVID GÓMEZ GONZÁLEZ  
PABLO GONZÁLEZ MARTÍNEZ  
ABEL JUNCAL LÓPEZ  
JOSÉ MANUEL LEMOS BOUBETA  
FRANCISCO LÓPEZ OTERO

### BALONMÁN-NENAS.

#### 4ªA.

YANIRA BARREIRO DOMÍNGUEZ  
FÁTIMA COMEDEIRO DARROSA  
AIDA CRUZ ESTÉVEZ  
ANABEL GONZÁLEZ BERNÁRDEZ  
ANALY GONZÁLEZ MARTÍNEZ  
NEREA GONZÁLEZ MARTÍNEZ  
LIDIA LÓPEZ FERRADÁS

#### 6ª(A-B).

LETICIA RIAL FERRADÁS  
TARA SOAGE VIDAL  
ALBA COUSO FERREIRA  
NURIA FIEL OTERO  
KRISTINE GARCÍA PALANYSAMY  
LETICIA GONZÁLEZ ABAL  
ANA ISABEL GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ  
CLARA Mª GONZÁLEZ FERNÁNDEZ





# DEPORTES



## CLASIFICACIÓN DO CROSS-BELUSO-2000

Este ano celebrouse o XX Cross de Beluso, o día 2 de Abril. Queremos darlle as grazas ás persoas que colaboran na súa organización, así como ás casas comerciais que nos apoiaron e, como non, a todos aqueles que se molestaron en vir a participar e a animar, aínda que a climatoloxía non foi moi agradable.

¡MOITAS GRACIAS!

### 3 ANOS



1. Serafín Martínez
2. María Luisa Bañón
3. Sara Bernárdez
4. Salvador Barros
5. Rubén Iglesias
6. Laura Pousada
7. Luís Pastoriza
8. M<sup>a</sup> Teresa Ogando
9. Irene Santos
10. Alba Otero

### 4 ANOS

1. Jesús Parceró
2. Abel Martínez
3. Pablo Reiriz
4. Alexandra Martínez
5. Pablo Pousada
6. Jacobo Soage
7. Patricia Comedeiro
8. Adrián Baqueiro
9. Mónica Malvido
10. Graciela Patiño

### 5 ANOS

1. Marta De la Torre
2. Moises Soliño
3. Sara Pérez
4. Simón Acuña
5. María Corredoira
6. Raquel Iglesias
7. Víctor M. García
8. Andrea Novoa
9. Mauro Álvarez



### MINIBENXAMÍN MASCULINO

- |                        |                 |
|------------------------|-----------------|
| 1. Rubén Martínez      | Hío             |
| 2. Diego Dacosta       | Sagrada Familia |
| 3. Javier Martínez     | Sagrada Familia |
| 4. Sergio Stors        | Coiro           |
| 5. Miguel Ángel Govema | Darbo           |
| 6. Jesús Manuel Soage  | Beluso          |
| 7. Héctor Gutiérrez    | Coiro           |
| 8. Javier Bañón        | Nazaret         |
| 9. Iago Entenza        | Tirán           |
| 10. Oscar Villar       | Darbo           |

### MINIBENXAMÍN FEMININO

- |                     |          |
|---------------------|----------|
| 1. Mar Lamapereira  | Tirán    |
| 2. Tamara Acuña     | Cela     |
| 3. Noemí Besada     | Cela     |
| 4. Ainoa Fernández  | Bueu     |
| 5. Lucía Martínez   | C. María |
| 6. Soraya Barreiro  | Beluso   |
| 7. Andrea Otero     | Beluso   |
| 8. Elvira Domínguez | Nazaret  |
| 9. Aísa Calo        | Darbo    |
| 10. Nuria Otero     |          |

### BENXAMÍN MASCULINO

- |                    |         |
|--------------------|---------|
| 1. Rodrigo Germade | Darbo   |
| 2. Yeray Piñeiro   | Coiro   |
| 3. Darío Rodríguez | A Rúa   |
| 4. Damián Carrera  |         |
| 5. Yago Hermida    | Sequelo |
| 6. Abel Juncal     | Beluso  |
| 7. Pablo Sanjorge  | Sequelo |
| 8. Jorge Sotelo    | Coiro   |
| 9. David Peitiago  | Sequelo |
| 10. Oscar Sequero  | Sequelo |

### BENXAMÍN FEMININO

- |                          |              |
|--------------------------|--------------|
| 1. Noelia                |              |
| 2. Lorena de la Torre    | V. Milagrosa |
| 3. Lara                  |              |
| 4. Laura Silva           | Coiro        |
| 5. Nerea Abalde          | Hío          |
| 6. Yanira Barreiro       | Beluso       |
| 7. Alexandra Lamapereira | Tirán        |
| 8. Carla Carracelas      |              |
| 9. Patricia Fernández    | Tirán        |
| 10. Nerea García         | Beluso       |

### ALEVÍN MASCULINO

- |                     |              |
|---------------------|--------------|
| 1. David González   | Darbo        |
| 2. Rubén Fernández  | Darbo        |
| 3. Daniel Calvar    | Nazaret      |
| 4. Enrique Novo     | Sequelo      |
| 5. Eloy Martínez    | Tirán        |
| 6. Miguel Refojos   | V. Milagrosa |
| 7. Saúl Mauro       | Sequelo      |
| 8. Ismael Paz       |              |
| 9. Iago Prieto      | Hío          |
| 10. Pablo Rodríguez | Tirán        |

### ALEVÍN FEMININO

- |                     |         |
|---------------------|---------|
| 1. Ana Soage        | A Rúa   |
| 2. Tania Carracelas | Darbo   |
| 3. Nuria Bermúdez   | Hío     |
| 4. Andrea Puentes   | Sequelo |
| 5. Ángela Fernández | Beluso  |
| 6. Alexandra Rial   | Ardán   |
| 7. Nerea Acuña      | Cela    |
| 8. Analía Bretal    | Sequelo |
| 9. Laura Alonso     | Reibón  |
| 10. Romina Portela  | Cela    |



# PASATEMPOS




Se colóca-las vocais axeitadas poderás completa-la primeira estrofa do poema "Os pinos" de Eduardo Pondal, que foi tomado como Himno Galego. Intenta aprendelo de memoria completo.

“ Q... .. d...n ...s r...m...r...s...s  
 n... c...st... v...rd...c...nt...  
 ... r... .. tr...nsp...r...nt...  
 d... pr...c...d... l... ..r


Q... .. d...n ...s ...lt...s c...p...s  
 d... ..sc...r... ..r...m... arp...d...  
 c... s... .. b...n c...mp...s...d...  
 m...n...t...n... f...ng...r”

Coa sílaba inicial de cada un destes debuxos poderás construí-lo nome que os romanos daban a Galicia




## Xeroglífico

¿Onde pasas as vacacións?



EN + A


P



## Barullo de letras

En horizontal: o nome de seis peixes.

En vertical: o nome de seis mariscos.



Alumnos de 6º.

B	A	E	O	L	E	R	U	X	S	I
A	B	A	C	A	L	L	A	O	S	O
N	O	L	L	O	M	O	L	R	E	S
O	L	I	S	A	V	I	G	A	B	T
L	S	A	R	D	I	Ñ	A	T	E	R
L	I	L	A	D	E	S	M	E	C	A
I	B	A	N	A	I	A	B	U	R	S
X	P	G	C	X	R	F	A	M	E	N
E	Ñ	I	A	D	A	C	S	E	P	V
M	E	C	P	U	S	O	T	A	F	I
L	I	B	O	N	I	T	O	P	T	A

## XOGOS FLORAIS

*¡O noso idioma! O que falan os nosos pais e imos esquecendo, o que falan os aldeáns e nós achamos a punto de non entender; aquel en que cantaron reis e trovadores; o que, fillo maior da patria galega, nola conservou e conserva como un don de providencia.[...]*

*O galego, en fin, que é o que nos dá dereito á enteira posesión da terra en que fomos nados, que nos di que somos un pobo distinto; que nos promete o porvir que procuramos e nos dá a certeza de que será fecundo en bens para todos nós. Nel como en vaso sagrado en que se axuntan todos os perfumes, áchanse os principios elementos da nosa nacionalidade, de nova negada e aínda máis, escarnecida.*

(Discurso nos Xogos Florais de Tui).